

# AXUDAS DIRIXIDAS A TÉCNICOS PARA A ASISTENCIA A CONGRESOS

Tempada 2006 - 2007 - Circular 06-05

Conscientes da importancia da formación e preparación no eido deportivo, a Federación Galega de Natación (FEGAN) convoca as axudas para a asistencia a congresos ou seminarios dirixidos aos adestradores que, durante a tempada 2006 - 2007, realicen algunha actividade formativa de recoñecido prestixio fóra da nosa Comunidade.

## Requisitos:

Poderán solicitar esta axuda todos os adestradores que cumpran os requisitos seguintes:

Ter licencia federativa na FEGAN na tempada 2006-2007

Posuír como titulación mínima o título de adestrador auxiliar en calquera das disciplinas

Asistir a algún congreso ou seminario referente a algunha das disciplinas que integran esta Federación.

Esta actividade deberá ter, ao menos, ámbito nacional e desenvolverse fóra da Comunidade Autónoma de Galicia

O congreso deberá estar organizado por algunha institución vencellada ao noso deporte, preferentemente a RFEN, LEN ou FINA así como a AETN ou o Ministerio de Educación a través do sistema universitario.

## Dotación da axuda e limitacións:

O importe da presente axuda consistirá nunha dieta completa (30 euros) por cada día de congreso establecéndose un máximo de 5 días computables.

A súa concesión está limitada a unha axuda por tempada para cada adestrador, formando parte do partida orzamentaria establecida pola FEGAN para tecnificación e formación de técnicos.

Presentación de solicitudes e prazo:

Todos aqueles interesados deberán enviar a súa solicitude debidamente cuberta (ANEXO) á sede da FEGAN (Av. de Glasgow 13, A Coruña) xunto coa xustificación da asistencia á actividade outorgada pola institución organizadora.

A presentación da mesma deberá ser feita antes da finalización da presente tempada.

A Coruña, 21 de xullo de 2006

Secretaría Xeral FEGAN